



## Novos ingresos

**Prazas operarios-empregados júnior 2019:** Xa só queda por entrar a especialidade de Bacharelato (prevista para o martes que vén) e algúns casos doutras especialidades que optaron por demorar o ingreso uns días. Pero en Fene entran **menos** dos que lles tocan. Outro **arbitrariedade** da empresa.

**Prazas universitarias sénior 2019:** a comisión de Emprego revisou inscricións. No caso das non admitidas, non se viu nada destacable. Pero no caso das admitidas, aínda que se evidenciaba experiencia no sector naval, nalgúns casos non estaba moi claro, para CGT e CIG, que se cumprisen os requisitos da especialidade. A decisión maioritaria da representación sindical foi dar por boas as listaxes.

**Prazas operarios-empregados sénior 2019:** a empresa entregou os datos das inscricións. A media de non admitidos supera o **70%:**

*Prazas operarios-empregados sénior 2019*

Profesión	Prazas	Inscricións	Non admitidas	Admitidas	Ratio por praza
Administrativo	5	695	68,9%	216	<b>43,2</b>
Axustador-montador	6	291	78,7%	62	10,3
Calorifugador	1	73	<b>89,0%</b>	8	8
Chapista	1	115	76,5%	27	27
Deliñante	5	287	68,3%	91	18,2
Electricista	9	338	80,8%	65	<b>7,2</b>
Fresador-mandrinador	4	88	<b>58,0%</b>	37	9,3
<b>TOTAL</b>	<b>31</b>	<b>1887</b>	<b>73,2%</b>	<b>506</b>	<b>16,3</b>

A **CGT** plantexou que, antes de publicar as listas de admitidos e non admitidos, a empresa debe entregar á comisión unha listaxe con indicación do motivo das non admisións (como se fixo nas prazas júnior), a fin de coñecer en detalle a situación e, de velo necesario, facer unha revisión.

**Prazas universitarias júnior 2019:** o xuízo da compañeira excluída por "exceso de madurez persoal e de coñecemento profesional" foi adiado porque o xuíz entende que as 42 persoas que ingresaron nesa convocatoria deben ser incluídas no proceso. A **CGT** celebrou unha concentración ante os xulgados para seguir reivindicando uns procesos de entrada **obxectivos** e **xustos**.



## Revulsivo

O mércores 17 houbo unha reunión co comité de compañeiros que estaban teletraballando e foron obrigados a retornar.

Estaban bastante cabreados, e non é para menos. Pos o teu caso nas mans da comisión de Produtividade e resulta que, no canto de te defender, acepta o que di a **empresa**.

Pero hai algo aínda peor que quen, supostamente, está para defenderte lle dea a razón á empresa ou che diga cousas como que "outros que tamén tiveron que retornar non protestaron tanto".

¿De verdade que un compañeiro que está moi preocupado polo posible contaxio dunha filla pequena que padece unha doenza ten que **aturar** que un membro do comité lle diga que nesa situación están moitas familias españolas e que, se tan preocupado está, que pida unha **excedencia**?

Non se trata só do discurso. É tamén a **arrogancia** con que se trata ós traballador@s. Algún parece do **Sindicato Vertical**. O sindicalismo necesita un **revulsivo**.

## Vacacións anuais

A empresa cambiou o **devengo**. Antes era de 1 de xullo dun ano a 30 de xuño do seguinte; agora é por ano natural.

Para poñer o contador a cero este 1 de xaneiro, puxo ó noso dispor os días xerados no segundo semestre de 2020. Para a empresa (e tacitamente tamén para algún sindicato), eran 12 días. Para a **CGT**, debían ser **13**, posto que as nosas vacacións anuais son 25 días.

A principios de ano, a **CGT** plantexou o tema na permanente, incluído demandar á empresa se facía falla. A resposta foi que había que falalo no intercentros. Hoxe houbo pleno do comité e preguntamos se o falaran. A resposta foi que a empresa aceptou que son **13 días**.

Agora queda que nos dea ese día a maiores que nos debe. Se non, haberá que demandala. Pero non a través de demandas individuais, senón dun **conflito colectivo**.

Como calquera outro sindicato, a **CGT** quere ter máis afiliad@s. Pero queremos que vos afiliedes polo que defendemos e facemos, porque nos vedes útiles, necesarios. Non por facer deixación da nosa obriga de defender os intereses de **tódolos** traballador@s para defender só os dos nosos afiliad@s, como pasou cos xuros dos atrasos das asimilacións. A **CGT** é un **sindicato de clase**, non unha **xestoría**.

Nota: non estaría de máis que o intercentros informase do que trata coa empresa.



elbitorlamiter

## Carga de traballo

Parece que, rematado o calendario de mobilizacións, xa non hai nada que facer. A **CGT** xa propuxo no comité continuar reivindicando.

Ademais debemos desenmascarar ó PP, que estes días criticaba o atraso das F-110, cando eles atrasáronas **dous anos** porque o seu ministro de Defensa Pedro Morenés quería facerlle un "favor" a unha empresa amiga.

Os traballador@s non debemos permitir que a dereita nos utilice. Os seus intereses de clase son completamente **opostos** ós nosos **en todo momento e lugar**.

## Áreas de descanso

Esta semana por fin púxose en funcionamento a área de descanso do Peirao Exterior, pero con horario **limitado** (9:00-11:00, 13:00-15:00, 17:00-19:00).

É necesario habilitar **máis** por toda a factoría, pero permanecendo abertas durante **toda** a xornada laboral. Debe ser un servizo permanente.

Ademais, nesta situación de **pandemia** é máis seguro que poidamos acceder de maneira escalonada.

## Escalafón

Este 31 de marzo vence o prazo para que a empresa publique o escalafón a 31 de decembro de 2020. Será o segundo incumprimento, posto que xa non publicou o correspondente a 2019.

Peor que esta actitude **impresentable** da empresa é que a Inspección de Traballo non respondeu á denuncia presentada pola **CGT** o ano pasado, tralo primeiro incumprimento. En calquera caso, despois de Semana Santa presentaremos unha segunda denuncia. Por nós non vai quedar.



### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org  
Séguenos e comparte info nas RRSS:

